

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 2 de outubro de 2020 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2020.

Pola Orde do 11 de marzo de 2020 (DOG do 25 de maio), a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2020.

Reunida a comisión prevista no artigo 13 da citada orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade co artigo 12 da orde de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás confederacións, federacións de nais e pais do alumnado e ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial relacionadas no anexo.

Segundo. Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán electronicamente, de acordo co establecido no artigo 9 da orde de convocatoria, dirixida á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, antes do día 31 de outubro de 2020 a seguinte documentación:

a) A xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e/ou nóminas e acreditación documental de que se efectuou o seu aboamento. Non se admiten recibos como xustificación dos gastos.

b) Unha declaración actualizada do anexo II publicado na Orde do 11 de marzo de 2020 (DOG do 25 de maio), pola que se convocan as axudas para o ano 2020.

Terceiro. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do

CVE-DOG: kglyhij8-oga9-qmk2-7029-kupk22m2bmx2



día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, contra esta orde poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO

CIF	Confederación/federación/ANPA EE	Beneficiario	Concello	Importe (€)
G15115165	Confapa (Confederación Galega ANPAS Centros Públicos)	Confederación	A Coruña	9.964,00
G70416557	Confederación ANPAS galegas	Confederación	Santiago de Compostela	10.112,00
G15042617	Federación provincial ANPAS centros públicos	Federación Provincial	A Coruña	6.325,00
G70366588	Federación centros públicos A Costa da Morte	Federación Provincial	Carballo	2.700,00
G27019140	Fapacel Federación provincial ANPAS centros públicos	Federación Provincial	Lugo	2.975,00
G27043389	FAPA Lugo	Federación Provincial	Lugo	1.650,00
G32009037	Federación provincial ANPAS centros públicos As Burgas	Federación Provincial	Ourense	3.700,00
G94202843	Feapa Pontevedra	Federación Provincial	Vilagarcía de Arousa	1.700,00
G36020311	Federación provincial ANPAS centros públicos	Federación Provincial	Pontevedra	5.625,00
G70222195	Federación centros públicos Compostela	Federación Provincial	Santiago de Compostela	2.550,00
G36581841	Fesanpas Federación Estradense	Federación Comarcal	A Estrada	1.350,00
G36743946	Foanpas Federación ANPAS Olívica	Federación Comarcal	Vigo	2.975,00
G36959658	Surgapa Federación ANPAS do Suroeste	Federación Comarcal	Vigo	1.600,00
G36412039	Fanpo Federación de ANPAS O Condado-Paradanta	Federación Comarcal	Ponteareas	1.650,00
V36822682	Federación de ANPAS do Val Miñor	Federación Comarcal	Gondomar	1.500,00
G15543242	Federación de ANPAS de Ferrol	Federación Comarcal	Ferrol	1.550,00
G15984990	ANPA CEE Ntra. Sra. del Rosario	ANPA EE	A Coruña	1.000,00

CVE-DOG: kglyhij8-oga9-qmk2-7029-kupk22m2bmx2



CIF	Confederación/federación/ANPA EE	Beneficiario	Concello	Importe (€)
G15747678	ANPA CEE Amicos	ANPA EE	Ribeira	1.000,00
G15456908	ANPA A Barcia	ANPA EE	Santiago de Compostela	1.000,00
G15874290	ANPA Colegio Duques de Lugo	ANPA EE	Santiago de Compostela	1.000,00
G27159425	ANPA CEE Santa María	ANPA EE	Lugo	1.000,00
G32022774	ANPA CEE Miño	ANPA EE	Ourense	1.000,00
G32202798	ANPA CEE O Pino	ANPA EE	Ourense	1.000,00
G32411084	ANPA CEE Ilustre Mestre	ANPA EE	Ourense	1.000,00
V36130169	ANPA CEE Joaquina Sobrino	ANPA EE	A Guarda	1.000,00
G36753895	ANPA La Ilusión del Val Miñor	ANPA EE	Nigrán	1.000,00
G36152262	ANPA CEE Santísimo Cristo del Amor ACEESCA	ANPA EE	O Porriño	1.000,00
G36180768	ANPA CEE Juan XIII	ANPA EE	Pontevedra	1.000,00
G36630614	ANPA CEE A Menela	ANPA EE	Vigo	1.000,00
G36812063	ANPA CEE Saladino Cortizo	ANPA EE	Vigo	1.000,00
G36024941	ANPA CEE Os Mecos	ANPA EE	Vilagarcía de Arousa	1.000,00
G36131027	ANPA CEE de Vilagarcía de Arousa	ANPA EE	Vilagarcía de Arousa	1.000,00

